

Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal

**Ficha documental da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do
02/07/1951**

Colección:

Data: 02/07/1951

De:

Virxinia Pereira Renda;

Para:

Valentín Paz-Andrade;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Arquivo Valentín Paz-Andrade

Temáticas:

Epistolario entre Paz Andrade e Virxinia Pereira;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcrición da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do 02/07/1951

2-07-1951

Sr. Don Valentín Paz-Andrade

Moi lembrado i estimadísimo amigo: Recibín carta de Ramón Otero, dándome conta de que o xuez de Pontevedra decretou xa a liberdade das nosas cousas. Ista noticia que de por si debера alegrarme dado o que ises obxetos representan pra min no terreo sentimental, cáeume pol-o contrario demasiado pesada, ante o temer da aitude que as miñas cuñadas poden tomar en vista de que eu non dispoño de ningún documento escrito. Díceme algún con moito respecto, que foi unha grande falla de previsión, i eu contéstolle que tal vez, pero que endexamais censurarei nin recriminarei, a quén con falla ou sin ela, está pra min por enriba de todo. Este aparente discuido, obedece somentes a súa excesiva boa fé, que lle fixo confiar demasiado en quén, imos ver agora, si merecían ou non a súa confianza. Miñas cuñadas e mais eu, levamos no íntimo das nosas concencias, o TESTAMENTO MORAL que nos deixou o noso incomparable Castelao. Declara él, que de conformidade conmigo, facía renuncia a herdanza que lle correspondera dos seus finados pais (E.P.D) cedéndolla voluntariamente as súas irmáns, pra que estas en adiante souperan respetar a recoñecer os meus dereitos únicos sober de canto poseíamos en común íl e mais eu. Violalos, nin tan siquiera discutilos, sería tanto como traizoar os seus propios sentimentos e a súa vountade, i este francamente non podo esperalo de elas, que ademais en certo modo son moralmente responsables de que seu irmán (facendo confianza en elas), non sentira agoiros apremiantes por formalizar unha cousa que contaba xa segura.

Vostede amigo Valentín, ten un poder meu, y eu conto coa grande confianza que vostede me inspira, pregándolle moi encarecidamente que me tome este asunto nas súas mans. Ogallá que co pensamento posto no benquerido Castelao, se dispoñan como espero, a cumprir diña e moralmente co seu deber.

A súa obra artística, ten que ser salvada e respetada. A derradeira disposición do seu autor, reclama que pase a ser PATRIMONIO DA SÚA ADOURADA GALIZA e ista disposición hai que acatala e cumplila hasta por enriba da mesma lei. Vexan pois por favor, o modo de acadar as cousas que anden espalladas e depositalas no Museo onde xa está unha boa parte dos seus traballos. Probe o meu Daniel. Vostede pode estar ben seguro de que íl a de agradecerlle con fervor tantas molestias e atencións e pol-a miña parte non podo máis que decirlle, gracias meu bo amigo moitas gracias.

¿Parécelle ben de poñerse a falar con Ramón? Hoxe tamén lle escribo a íl. Non puiden facelo máis antes porque andiven medio doente.

Dígalle a Pilariña que esta carta non vai para ela, porque o tema non é certamente moi seductor. Mais seipa que a lembro de cote e o mesmo a ese grande Alfonsiño que vexo medrar día a día. Pra eles dous unha estreita aperta e vostede cun especial e agarimoso saúdo reciba a fonda gratitude desta amiga.

Virxinia.

Prégolle de moi corazón non deixe de dicir canto haxa sobor de este asunto. Olvidábame decirlle que o pequeno fondo que hai no Banco, aínda que figura a nome dos dous, foi o que me deixou o meu pai (e.p.d).

[Manuscrito] Estou esperando carta das miñas irmáns. Non sei que lles pasará pra tardar tanto en

escribir.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.